

**6,7 e 8
FEBREIRO**



Laza

**Atrevete
a Soñar...**



Xinzo

Verin



festa declarada de interese turístico nacional



As imaxes recopiladas neste folleto extraéronse das páxinas oficiais dos diferentes concellos.

As siglas das táboas representan: SA, soamente aloxamento; AD, aloxamento e almorzo e MP, media pensión.

Sábado día 6 de febreiro: Xinzo de Limia

10:00	Comezo da xornada
10:30 - 12:30	Visita “Realización máscara do traxe da Pantalla.”
12:30 - 13:30	Vestimenta traxes de Vikingo
13:30 - 15:30	Recorrido gastronómico e etnolóxico
16:30 - 17:30	Visita ó Museo do Entroido
17:30 - 21:00	Presentación y realización actividades Asistencia ó Festival da Canción Humorística
21:00	Fin da xornada

Domingo día 7 de febreiro: Verín

09:00	Almorzo e saída a Verín
10:30	Llegada a Verín
11:00	Visita “Obradoiro do Cigarrón”
14:00	Tempo libre para comer no Mesón o Candil
16:00	Visita ó Castelo de Monterrei
19:00	Desfile carrozas e comparsas
21:00	Cea e aloxamento

Luns día 8 de febreiro: Laza

09:00	Almorzo e saída a Laza
10:00	Encontro co noso guía
11:30	Farrapada na Praza da Picota
14:00	Comida
16:30	Visita a tenda e confeccionamiento “traxe Peliqueiro”
18:00	Baixada das Formigas coa Morena
20:00	Reparto da Cachucha

Sábado 6: Xinzo de Limia

	SA	AD	MP
Habitación doble en Casa Rural Sabariz (10km)		60€	40€
Habitación doble en Hotel Xinzo (centro)	49.5€		

Esperamos ao grupo na estación de autobuses de Xinzo ás 10:00h para dar comezo a primeira xornada do noso programa.

Ás 10:30h. saímos cara unha casa particular para que nos ensinen o proceso de elaboración artesanal das máscaras que compoñen e dan nome o traxe tradicional do Entroido en Xinzo, “As Pantallas”.

Na súa elaboración emprégase cartón, papel de periódico, feltro, fariña, auga e pintura. Realízase nunha soa peza, que logo se encaixa na cara e na cabeza collendo forma de gorro ríxido que remata na parte frontal. A parte de arriba adornase con motivos astrais ou animais totémicos, mentres a que parte inferior leva uns flejes que fan a función de barba e unha tea, coñecida como percalida, que colga polos lados cubrindo a súa vez a parte traseira.



Unha vez rematada esta mostra ensinaranos como e o Entroido “dende dentro”, como se preparan para saír a rúa cos traxes. O grupo aproveitará tamén para vestirse, luciran ao longo de todo o día un traxe de vikingos (en homenaxe a festa do Esquecemento) mentres que os guías correo da nosa axencia vestirán o traxe de Pantalla.

Ó mediodía, arredor da 13:30h, realizaremos un percorrido gastronómico e etnolóxico pola zona dos viños, visitaremos varios locais asociados ao bono do programa: "6 tapas + 4 viños".

Tras isto o grupo dispondrá de tempo libre ata a seguinte actividade, que consistirá na visita ao Museo do Entroido, no cal veremos unha exposición con imaxes, vídeos, recursos audiovisuais e outros recursos sobre a historia do entroido de Xinzo (comezo, vestimenta, ciclo festivo, costumes e tradicións...)

A media tarde propondrémoslle un xogo de recompensa no que o grupo deberá buscar a persoas sen disfrazar, no caso de sexan homes convenceranos para que lles paguen unha botella de viño e no caso de que sexan mulleres, sacaranas a bailar cumprindo así coa tradición típica da localidade. No medio de esta actividade asistirán ó Festival da Canción Humorística no que as chirigotas e as letras satíricas fan crítica festiva dos acontecementos de todo o ano, a nivel local, nacional e internacional.



Unha vez finalizado o festival avaliaremos se o grupo superou o xogo procedendo a entrega dun bono para todo o grupo por valor dunha cea no parador de Verín o domingo día 7 de febreiro.

Tras isto disfrutarán pola súa conta do Entroido nocturno de Xinzo, amenizado por diversas charangas.

Domingo 8: Verín

	SA	AD
Habitación doble en Aldea Rural a Cortiña (7.7km)	60€	
Habitación doble en Parador de Monterrey (1.3km)		157€
Habitación doble en Hotel Gallego (3.2km)	60€	

A chegada do grupo a Verín está prevista para as 10:30, onde dispondrán de tempo para vestirse de piratas a excepción dos guías acompañantes que lucirán o traxe de Cigarrón.

Ás 11:00h visitaremos o “Obradoiro do Cigarrón”, unha escola que dende o ano 1997 se especializa na elaboración deste traxe típico.

Ao mediodía iremos ó mesón “O Candil” para disfrutar dunha comida típica da zona, que destaca pola súa ampla carta de comida tradicional galega e as súa variedade de carnes.



Xa pola tarde, visitaremos o Castelo de Monterrei, onde coñeceremos as súas estancias e as súas orixes.

Posteriormente, ás 17:00h asistiremos ao desfile de carrozas e comparsas, no que participarán activamente as persoas do pobo.

Unha vez rematado o desfile, e condicionados pola actividade do día anterior de recompensa, ó grupo terá tempo para cear e recoñecer o Entroido nocturno en Verín.



Lunes 9: Laza


Tras o almorzo en Verín, a primeira hora de mañá, dirixirémonos cara Laza para vivir un dos días máis importantes alí.

A nosa chegada, sobre ás 10:00h, os peliqueiros xa recorren as calles da zona pero nos diriximos a unha casa particular para que un veciño nos transmita un pouco da historia de Laza, así como os seus segredos máis antigos.



A media mañá asistiremos a Farrapada. Trátase dunha batalla, na Praza da Picota, con trapos untados en barro. Mentres ten lugar a farradapada as rúas son percorridas por a Xinatada.

A comida do medio día tendrá lugar na mesma casa do particular que xa visitamos e que nos acompañará durante todo o día.



Antes da outra actividade destacada do día, acudiremos a unha tenda de confección do traxe de Peliqueiro para que nos ensinen como se elabora, que pezas o compoñen... iso das 18:00h as Formigas e a Morena (cabeza de vaca feita de madeira), acompañadas de fariña, toxos, e cobelleiros o Burro e os Peliqueiros

invaden a Praza da Picota. Cando finaliza, repártense as Cachuchas (cabeza de porco cocida), o pan e o viño. Pola noite o grupo desfrutarán, de forma libre, da festa amenizada por diversas orquestras.





A FARIXA



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



Centros
Integrados
Formación Profesional